

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS  
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E  
VOLUNTARIADO

## ACTUALIDADE

- Editorial
- Xunta e Goberno coordinarán as medidas para facer fronte ao reto demográfico
- As escolas infantís da rede 'A Galiña Azul' aumentarán en 314 o seu número de alumnos a partir do 1 de febreiro
- A Xunta avanza na posta en marcha do futuro Observatorio Galego de Acción Voluntaria
- Rey Varela salienta o papel dos 'correspondentes' na difusión eficaz da información xuvenil entre o estudantado de Galicia
- A Dirección Xeral de Xuventude pon en servizo un portal web renovado, máis áxil e accesible
- Política Social fai balance do programa Galeuropa cos mozos e mozas que realizaron prácticas formativas en países europeos
- Política Social asiste ao Consello Interterritorial de Xuventude para impulsar a colaboración entre rexións neste ámbito
- A directora xeral de Xuventude participa na asemblea xeral da Rede española de albergues xuvenís
- A Consellería de Política Social publica a versión en lectura fácil da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020
- A Xunta traballa na inclusión social de persoas con discapacidade que residan no medio rural
- A Xunta de Galicia participa en Madrid na primeira reunión da comisión para a análise do Sistema de atención á dependencia
- A Xunta evita máis de 160 desafiuzamentos a través do programa Reconduce
- Rey Varela estuda os retos da nova lexislatura en canto a redución da exclusión social coa Rede Galega contra a Pobreza
- Feijóo avanza a construción de sete residencias públicas con máis de 900 prazas para dependentes
- Días internacionais.



## NORMATIVA

**Normativa DOG**

**Normativa CCAA**

**Normativa BOE**

**Normativa UE**

## PUBLICACIONES

**Catálogo de publicacións na web**



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL  
Memoria 2015

## ESTADÍSTICAS

- Enquisa de poboación activa (EPA)
- O emprego das persoas con discapacidade
- O salario das persoas con discapacidade
- Prazas en centros residenciais de atención a persoas maiores 2016

## ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Congresos, xornadas e cursos.
- Redes sociais: blogs.
- Blog de publicacións.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2016. BdB. Boletín de  
Bienestar, 2016

Edita:  
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral  
de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://libraria.xunta.gal/gl/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-6-xaneiro-febreiro-2017>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartirlgual 4.0  
España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:  
[https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es\\_ES](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES)

Coordinación: Pepa Dabán Royo.  
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.  
ISSN: 2445-1932

## Editorial

Con este novo número, o primeiro do ano 2017, celebramos o primeiro aniversario do boletín. Este ano transcorrido serviu para dar boa conta do labor diario desenvolvido por esta consellería en todos os sectores que lle afectan.

Un aspecto que merece a nosa consideración é valorar a importancia do uso e utilización das novas tecnoloxías para o acceso a recursos de información relacionados con esta área e a súa posta á disposición dos nosos lectores.

As ferramentas informativas coas que conta a institución facilitan e permiten o acceso a estes recursos a través das páxinas web da Consellería e outras ferramentas documentais como son o blog de Alertas e publicacións, o menú de Estatísticas elaboradas pola institución ou, mesmo, a edición deste boletín: a través destes medios damos información puntual e actualizada desta institución e daquelas institucións e/ou organizacións dedicadas a realizar un labor social que serven de orientación e guía aos responsables de confeccionar as políticas sociais: as ong, fundacións, organismos da Administración, asociacións e entidades sociais

sen ánimo de lucro, redes sociais, blogs e un largo etc. que dedican o seu labor a facilitar a vida dos máis desfavorecidos.

Outro aspecto importante é o de informar e dar a coñecer aquelas publicacións seriadas, informes, memorias, anuarios, etc. de temas sociais e de carácter divulgativo ou científico segundo os casos.

Tamén informamos sobre a oferta e a organización de cursos, congresos, xornadas, máster, etc. porque consideramos importante a formación de todos os profesionais relacionados co traballo social.

É unha realidade que o éxito dunha organización se debe en gran medida á capacidade e éxito do seu nivel comunicativo, de aí, a importancia do desenvolvemento dun labor documental e informativo que nos permita dar a coñecer aqueles recursos de información susceptibles de interese. Esperemos que neste primeiro ano da edición deste boletín teñamos contribuído á consecución deste propósito.



O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey, mantiveron un encontro traballo coa Comisionada do Goberno para o reto demográfico, Edelmira Barreira.

## Xunta e Goberno coordinarán as medidas para facer fronte ao reto demográfico

**Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017.**-O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey, reuníronse en Santiago coa comisionada do Goberno para o reto demográfico, Edelmira Barreira, co obxectivo de coordinar medidas neste ámbito.

Tras o encontro, o vicepresidente agradeceu á comisionada que se desprazase ata Galicia para coñecer as políticas autonómicas


na materia, que se sitúan á cabeza do Estado. Ao respecto, indicou que, aínda que a comunidade ten que facer fronte a un problema de envellecemento e de baixa natalidade, xa se están poñendo as bases para reverter esta situación.

Ademais de poñer en marcha medidas de fomento da natalidade e de conciliación, Galicia está defendendo en todos os foros aos que asiste que a demografía é un dos grandes retos actuais. Así, entre

outras iniciativas, Galicia foi impulsora, xunto con outras sete autonomías, do Foro de rexións españolas con desafíos demográficos.

O Goberno galego promoveu tamén que se incluíse esta cuestión

na axenda estatal, tal e como se fixo, por exemplo, na Conferencia de presidentes. Precisamente grazas a un destes acordos, o Goberno conta hoxe cun Comisionado para o reto demográfico.



<http://www.boe.es/boe/dias/2017/01/28/pdfs/BOE-A-2017-915.pdf>

<http://www.escolasinfantisdegalicia.es/>

The screenshot shows the website's main navigation menu with options like 'Inicio', 'Información', 'Actualidade', 'Servizos', 'Blogs', and 'Contacto'. Below the menu, there are several news items under the heading 'ANUNCIOS'. One prominent article is titled 'REDE DE ESCOLAS INFANTIS DE GALICIA' with a blue bird logo. Other articles include 'PLAN DE FORMACIÓN' and 'RECURSOS EDUCATIVOS'. A calendar for February 2017 is also visible on the right side of the page.

<http://www.pan.gal/>

The screenshot shows a website with a header for 'XUNTA DE GALICIA'. The main content area features a large image of a woman holding a baby, with the text 'A vida nunca foi tan grande' and 'At vida nunca foi tan grande'. Below this is a 'PROGRAMA DE APOIO Á NATALIDADE' advertisement for 'TARXETA BENVENIDA' (Welcome Card) for the first year of life. The ad includes the text: 'Neste intre o mundo cambia as súas regras. As noites pasan a ter tres horas, o mundo das rúas, o pouquiño é a nova medida... Todo se mide en dentíns, gotillas, culleracillas. Neste momento o mundo faias máis pequeno, pero a axuda nunca foi tan grande. A Tarxeta Benvinda da Xunta cobre os gastos fundamentais durante o primeiro ano de vida do teu fillo ou filla. Unha pequena gran axuda para comezar, un gran apoio para medrar.'

<https://envejecimientoenred.wordpress.com/2017/02/06/comisionado-para-el-reto-demografico/>

## Blog Envejecimiento [en-red]

Compartiendo experiencias innovadoras sobre envejecimiento y personas mayores

The screenshot shows the website's header with navigation links: 'Quiénes somos', 'Todas las entradas publicadas', 'Responsabilidad', and 'Cómo publicar'. Below the header is a large image of hands holding a globe, with the text 'Un blog de envejecimiento enred'. There is also a section titled 'Comisionado para el Reto Demográfico'.

<http://www.proyectosymbios.eu/>

The screenshot shows the website's header with navigation links: 'Inicio', 'Proxecto', 'Socios', 'Retrato socio-demográfico', 'Novas', 'Produtos', 'Foro', and 'Iniciativas'. The main content area features a section titled 'Crise demográfica, territorios habitables e inclusión' with a sub-heading 'Perspectiva socio-territorial da Estratexia 2020'. Below this is a photograph of a group of people, including children, engaged in an outdoor activity.

## As escolas infantís da rede 'A Galiña Azul' aumentarán en 314 o seu número de alumnos a partir do 1 de febreiro

**Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017.-** A rede de escolas infantís 'A Galiña Azul', xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, da Consellería de Política Social, incorporará a partir do 1 de febreiro, aos nenos e nenas de 0 a 3 anos matriculados no período extraordinario de baremación de decembro nas escolas infantís.

Así as cousas, o inicio das clases para eses cativos suporá un incremento de 314 alumnos nos centros da 'Galiña Azul' dependentes do Consorcio, respecto dos 6.351 usuarios cos que contaban ata hoxe neste curso 2016-2017. Ese aumento, que se rexistra en 92 das 137 escolas infantís que o Consorcio mantén en funcionamento no

presente curso, eleva a 6.665 o número total de usuarios en toda a Comunidade Autónoma.

A incorporación de alumnos tradúcese ademais nun aumento no número de unidades operativas en 6 das escolas infantís da "Galiña Azul" do Consorcio: Carnota, Dodro, Fene-Barallobre e Muros, que pasan de 2 a 3; Narón-Xubia, de 5 a 6; e A Laracha, de 6 a 7. En canto á distribución por provincias dos 314 novos usuarios, as escolas da Coruña sumarán un total de 183; as de Pontevedra, 73; as de Ourense, 38; e as de Lugo, 20. E entre os centros que experimentarán un maior incremento de usuarios como consecuencia do período extraordinario de baremación de decembro figuran os de Narón-Xubia (15), A Laracha

- ▶ Un total de 92 escolas, das 137 que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en funcionamento neste curso (2016-2017), sumarán novos alumnos
- ▶ Os centros de A Laracha, Carnota, Dodro, Fene-Barallobre, Muros e Narón aumentarán ademais o número de unidades operativas.

(14), Ames-Bertamiráns (13), Fene-Barallobre e Rianxo (8) e Muros-Freixeiros, Lalín-Polígono 2.000, Carnota e Baiona (7).

Os pequenos que se incorporaron o 1 de febreiro ás escolas infantís da "Galiña Azul" xestionadas polo Consorcio iniciaron a partir desa data o seu período de adaptación, cuxa duración varía en función de cada neno, malia que non adoita exceder das 3 semanas.

A rede 'Galiña Azul' dependente do Consorcio oferta

na actualidade un total de 7.452 prazas para nenos de 0 a 3 anos, incluíndo as 348 que sumaron as 6 novas escolas infantís que abriron as súas portas no ano 2016 (que supuxeron un investimento para Política Social de máis de 3.068.000 euros) e as 3 escolas unitarias -Crecente, en Pontevedra; Cartelle, en Ourense; e Sobrado dos Monxes, na Coruña-, que a Consellería decidiu reabrir neste curso debido ao aumento da demanda.

## A Xunta avanza na posta en marcha do futuro Observatorio Galego de Acción Voluntaria

- ▶ **A directora xeral, Cecilia Vázquez, presidiu unha nova sesión deste órgano colexiado no que están representadas as entidades galegas de acción voluntaria, entidades locais, organizacións sindicais, as universidades, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Confederación de Empresarios de Galicia**
- ▶ **Ademais do decreto que regulará este novo órgano de participación, así como a planificación e formación en materia de voluntariado, se deu conta das principais novidades das próximas convocatorias de subvencións para o 2017.**

### Santiago de Compostela

**15 de febreiro de 2017.**- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presidiu o Consello Galego de Acción Voluntaria, máximo órgano colexiado en materia de voluntariado. No encontro, que tivo lugar na Sala Colmeiro da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), aprobouse o decreto que regulará o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, así como a planificación e a formación en materia de voluntariado, dando así cumprimento ao artigo 36 da Lei 10/2011 de acción voluntaria. Así mesmo, a xuntanza tamén serviu para dar conta das novidades das próximas convocatorias de subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e entidades locais neste 2017.

Entidades locais, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), organizacións sindicais, entidades galegas de acción voluntaria, as universidades e a Confederación de Empresarios de Galicia déronse cita nunha xunta na que a directora xeral explicou as principais liñas de traballo do novo decreto, que regulará tres ámbitos de actuación: o participativo, a través da posta en marcha do Observatorio; a planificación, con base nos plans e proxectos elaborados polas entidades de acción voluntaria; e, finalmente, o formativo.

Xa máis polo miúdo e respecto da posta en marcha do Observatorio Galego de Acción

Voluntaria, Cecilia Vázquez explicaba que se trata dun órgano colexiado de participación, investigación e asesoramento encargado, entre outras cuestións de elaborar informes e estudos e compilar información en materia de voluntariado; propoñer as liñas estratéxicas do Plan Galego de acción voluntaria ou analizar o impacto da acción voluntaria nos diferentes sectores. E, ao fío, indicou que estará composto por un presidente e un vicepresidente e seis vogais, nos que estarán representados o Instituto Galego de Estatística (IGE), as tres universidades galegas -un de cadansúa- e as entidades de acción voluntaria con dous representantes que serán designados polo Consello Galego de Acción



[http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20111221/AnuncioC3B0-161211-9951\\_gl.pdf](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20111221/AnuncioC3B0-161211-9951_gl.pdf)

Voluntaria. Tamén contará cun secretario/a. A súa constitución terá lugar no prazo máximo de tres meses logo da entrada en vigor do decreto aprobado.

No eido da planificación, o decreto permitirá o regulamento tanto dos plans como dos proxectos de acción voluntaria, ao tempo que establecerá as súas normas de vixencia e os seus criterios básicos de seguimento. E, no ámbito formativo, a norma permitirá o establecemento de niveis: básico, especializado e sectorial. E, ao fío, Cecilia Vázquez destacou que o proxecto de decreto recoñecerá o dereito das persoas voluntarias que reciban formación dunha entidade de acción voluntaria, á obtención dun certificado acreditativo da dita participación.

### Ordres de axudas

Outro dos asuntos abordados na xunta foi a relativa

ás liñas de subvencións que a Xunta de Galicia, a través da Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, vai por en marcha neste ano en materia de voluntariado e que segundo adiantou a directora xeral incorporarán importantes novidades. Neste senso, Cecilia Vázquez avanzou que se manterán as achegas para as entidades locais e entidades de acción voluntaria adscritas ao programa "Servizo de voluntariado xuvenil", así como aquelas dirixidas a entidades privadas que desenvolvan proxectos de voluntariado, pero que estas incorporarán mellores para os seus beneficiarios. Concretamente, referiuse ao outorgamento de certificados de experiencias voluntarias no eido do programa de servizo de voluntariado xuvenil ou da incorporación da tramitación electrónica dos expedientes.

[http://transparencia.xunta.gal/tema/transparencia-institucional/estructura-organica-e-funcional/organos-colexiados-adscritos?content=/Portal-Transparencia/Unidades\\_informacion\\_transparencia/interiores/Tema\\_2/organos-colexiados/transparencia\\_0019.html](http://transparencia.xunta.gal/tema/transparencia-institucional/estructura-organica-e-funcional/organos-colexiados-adscritos?content=/Portal-Transparencia/Unidades_informacion_transparencia/interiores/Tema_2/organos-colexiados/transparencia_0019.html)

The screenshot shows the 'transparencia e goberno aberto' portal. The main navigation includes 'A TRANSPARENCIA', 'TEMAS', 'SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA', and 'OUTRAS ORGANIZACIÓNS'. The current page is titled 'C. de Política Social' and 'Consello Galego de Acción Voluntaria'. A search bar contains the word 'Escotar'. The 'Composición do órgano colexiado' section lists:
 

- Presidente/a: directora xeral (de Xuventude, Participación e Voluntariado)
- Vicepresidentes/as:
  - Primeiro: subdirector/a xeral en materia de voluntariado
  - Segundo: representante dunha entidade de acción voluntaria que represente a un maior número de entidades de acción voluntaria inscritas no Rexistro

 A sidebar note states: 'O Consello Galego de Acción Voluntaria e o Observatorio Galego de Acción Voluntaria foron creados pola Lei 10/2011, do 28 de novembro'.

## Rey Varela salienta o papel dos 'correspondentes' na difusión eficaz da información xuvenil entre o estudiantado de Galicia

- ▶ A Xunta de Galicia conta cunha rede de 'mediadores' de información xuvenil formada por 499 mozos e mozas de 86 centros das catro provincias galegas; e está a estender esta iniciativa ás universidades
- ▶ Os 'correspondentes' responsabilízanse de recoller a información en materia de xuventude enviada dende a Administración autonómica, a oficina municipal de información xuvenil da súa localidade e do propio centro educativo para difundila entre o alumnado e grupos de amigos, así como a través das redes sociais.

### Bergondo (A Coruña), 18 de febreiro de 2017.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou, no albergue de Gandarío, os participantes no encontro autonómico do programa 'Correspondentes Xuvenís 3.0' que se celebra esta fin de semana e no que se dan cita aproximadamente 200 rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos principalmente. Trátase dunha iniciativa da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que permite á Xunta de Galicia contar cunha rede de mozos e mozas que de maneira voluntaria se encargan de informar os seus compañeiros de aula, amizades e coñecidos sobre convocatorias, recursos e programas xuvenís que poidan ser do seu interese.

Rey Varela agradeceu o traballo destes voluntarios que actúan como 'mediadores' de información xuvenil nos centros educativos, e resaltou que o seu papel é fundamental porque "permite á Administración autonómica ter unha rede de información en materia de xuventude verdadeiramente operativa e máis eficaz ao transmitirse a información de estudante a estudante, o que redundará nunha mellor acollida desta". O responsable da área social do Goberno galego recordou que "'Correspondentes Xuvenís 3.0' é un programa de educación non formal a través do que "fomentamos a participación xuvenil e potenciamos entre os voluntarios as habilidades comunicativas e

sociais, a asunción de responsabilidades e a adquisición de valores como a solidariedade, o traballo en grupo e o liderado, así como tamén a formación na xestión do manexo da información".

Durante esta fin de semana o alumnado de segundo ciclo de secundaria, bacharelato e de ciclos medios e superiores de formación profesional conviven nas instalacións de Gandarío desenvolvendo un amplo e variado programa con obradoiros sobre enerxías renovables, de observación de estrelas e de orientación; actividades de conversación ambiental e saídas a contornos naturais protexidos como a Costa de Dexo e as Fragas do Eume. Así mesmo, os 'correspondentes' reciben información dos programas e actividades da Xunta de Galicia e das novidades para o vindeiro curso e recóllense as súas opinións, inquedanzas e necesidades co fin de mellorar o programa.

### Rede de 'mediadores'

O programa 'Correspondentes Xuvenís 3.0' conta na actualidade cun total de 499 mozos e mozas colaboradores que estudan en 86 centros das catro provincias galegas. O número de participantes nesta iniciativa foi incrementándose cada ano. Así, no curso 2013/2014 foron 26 os centros participantes e 198 os correspondentes; no 2014/2015 pasaron a ser 78 os centros, con 383 correspondentes; e no curso pasado subiu de novo a participación con 83 centros e 482



correspondentes. Ademais, a Xunta de Galicia está a estender este programa ás universidades, coa finalidade de achegar a información aos campus e facultades de Galicia.

Os 'correspondentes xuvenís' responsabilízanse de recoller a información en materia de xuventude enviada dende a Dirección Xeral, a oficina municipal de información xuvenil da súa localidade e do propio centro educativo para difundila entre o alumnado, os seus grupos de amigos e tamén a través das redes sociais. Para iso, contan co apoio do persoal do centro coordinador de información xuvenil e co profesorado participante no programa.

Os rapaces e rapazas participantes reciben gratuitamente

formación en materia de información xuvenil, así como o carné xove, o carné internacional e o carné de alberguista durante o ano escolar en que están como 'correspondentes'. Ademais, teñen preferencia nalgúns dos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado; e recoñéceneselles, mediante un certificado expedido pola Administración autonómica que acredita as competencias adquiridas dentro da educación non formal.

A Dirección Xeral celebra cada ano un encontro de 'correspondentes xuvenís 3.0'. Nos catro anos de vixencia do programa xa se realizaron catro, tres en Gandarío e un en Manzaneda.



## A Dirección Xeral de Xuventude pon en servizo un portal web renovado, máis áxil e accesible

- ▶ **A nova plataforma web responde a un deseño adaptado a calquera dispositivo de acceso: dispositivos móbiles, tabletas ou ordenadores**
- ▶ **Outras novidades fundamentais son a reorganización da información segundo as preferencias dos usuarios/as, o reforzamento dos criterios de busca, a incorporación ao portal web de twitter e a creación dun perfil en Instagram**
- ▶ **O obxectivo é que este portal web siga a ser unha fonte referente de información sobre os distintos programas, recursos e servizos á disposición dos mozos e mozas de Galicia**
- ▶ **Dende 2009 o portal de Xuventude ten un incremento anual de case o 9% no número de usuarios/as e dun 4,5% de aumento nas visitas, cun total de 2,7 millóns de rexistros e 6,3 millóns de visitas a 15,2 millóns de páxinas. Soamente durante o mes de xaneiro, a web recibiu un total de 35.252 visitas por parte de máis de 23.000 usuarios.**
- ▶ **Asemade, Xuventude ten actualmente en facebook un total de 14.621 seguidores e outros 8.816 en twitter.**

**Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017.**- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, deu a coñecer o novo deseño do portal web da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia. O acto, ao que asistiu tamén a responsable deste departamento autonómico Cecilia Vázquez Suárez, tivo lugar nas dependencias administrativas de San Lázaro.

Rey Varela explicou que a finalidade da renovación deste portal "é que esta ferramenta dixital siga a ser unha fonte referente de información sobre os distintos programas, recursos e servizos á disposición dos mozos e mozas de Galicia en particular e de calquera usuario en xeral". Ao respecto, engadiu que a nova páxina web "é un instrumento áxil, adaptado ás tendencias de deseño actual e que pretendemos sexa un paso máis na mellora da interactividade da mocidade e na operatividade do portal".

Ademais, o titular da carteira de Política Social manifestou que co redeseño da web da Dirección Xeral "pretendemos chegar máis e mellor aos rapaces e rapazas a través dun medio de traballo e

comunicación como é a internet, e que hoxe é común, cotián e prevalece nos hábitos da xente nova". Neste sentido, apuntou que o estudo titulado 'A mocidade e as TIC' presentado o pasado mes de novembro pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) reflicte que o uso da internet entre os mozos e mozas con idades entre os 16 e os 34 é practicamente universal, situándose no 96%.

No que atinxe ás melloras no portal de Xuventude, unha das principais é que a proposta responde a un deseño responsable; é dicir, que se adecúa a calquera dispositivo de acceso e atende os cambios nas tendencias de navegación. De feito, no deseño tívose en conta que un 27% dos usuarios conéctanse á plataforma dende un dispositivo móbil; un 5% dende unha tableta e un 68% dende un ordenador.

Outras novidades son que se reorganiza a información segundo as preferencias dos usuarios e os contidos máis vistos e se reforzan os criterios de busca, o que facilita a procura de información dun xeito máis áxil e doado. Así, as seccións máis visitadas son, por esta orde: novas e anuncios, acción de verán, Carné xove, bolsas e axudas, e emprego. Así mesmo, o portal mantén como elemento central a información sobre os distintos programas e recursos da propia Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado; e ademais visualízase a actividade

que levan a cabo os distintos axentes que traballan no eido da xuventude en Galicia: espazos xoves, oficinas municipais de información xuvenil, Correspondentes Xuvenís, etc.

En canto á potenciación dos criterios de busca, destacáronse tres: por franxa de idade, por localización xeográfica e por programas. Para isto tívose en conta que o acceso ao portal web por parte dos usuarios lévase a cabo nun 25% a través de buscadores –principalmente Google–; un 31% por redes sociais e un 38% mediante o acceso directo á web de Xuventude. Ademais as franxas horarias de mañá e de tarde durante as que se realizan máis visitas son: de 12:00 a 13:00 e de 20:00 a 23:00 horas. E, por outra banda, como cabe supoñer, o 78% do tráfico da web procede de Galicia.

E unha cuarta novidade fundamental do novo portal de Xuventude é a incorporación de twitter e a creación dun perfil en instagram, dúas redes sociais moi utilizadas pola mocidade.

<http://xuventude.xunta.es/>



## Política Social fai balance do programa Galeuropa cos mozos e mozas que realizaron prácticas formativas en países europeos

### Influencia das plataformas de Xuventude na rede

O responsable da área social do Goberno galego ofreceu datos sobre a cada vez maior influencia da páxina web e das plataformas sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Así, dende o ano 2009 o portal ten un incremento anual de case o 9% no número de usuarios, e dun 4,5% anual de aumento de visitas.

De feito, durante o período que comprende do ano 2009 ao 2017, visitaron a páxina un total de 2.772.374 usuarios, que chegaron a realizar máis de 6,3 millóns de visitas a 15,2 millóns de páxinas. Soamente durante o pasado mes de xaneiro, a web recibiu un total de 35.252 visitas, realizadas por un total de 23.177 usuarios, un 61% deles novos con respecto ao período anterior. Ademais, estes máis de 23.000 usuarios chegaron a 95.216 páxinas dentro de www.xuventude.net, unha media de 2,7 páxinas por persoa que dedicaron sobre dous minutos e medio á súa navegación.

Así mesmo, as publicacións da páxina oficial da Dirección Xeral de Xuventude en facebook (www.facebook.com/xuventude.net) acadaron durante o mes de xaneiro un alcance de preto de 8.800 persoas cada día. A 31 de xaneiro, o facebook de Xuventude tiña 14.621 seguidores, 217 máis que ao comezo do mes.

E, por último, dende o perfil de Xuventude en twitter (@xuventude) publicáronse 345 novas mensaxes en xaneiro, ata chegar ós 31.172 tweets enviados, conseguindo captar 59 novos seguidores e acadando a cifra de 8.816 seguidores que ven e comparten as publicacións de Xuventude en twitter cada día.

- ▶ **O encontro inclúe un panel de experiencias e relatorios de orientación co fin de facilitar a inserción laboral dos participantes**
- ▶ **Grazas a este programa, os e as participantes complementan a competencia profesional e persoal, incrementando así as súas posibilidades de acceso ao mercado de traballo, de forma que poidan acreditar unha práctica formativa no estranxeiro como parte do seu currículo**
- ▶ **O conselleiro destacou que o desemprego entre os participantes en Galeuropa diminuíu nun 67%.**

**Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017.-** O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acudiu á inauguración da xornada formativa cos mozos e mozas beneficiarios do programa Galeuropa na convocatoria de 2016 e que veñen de rematar as súas prácticas formativas en 31 países europeos. O obxectivo deste encontro é realizar un balance do programa, que inclúe un panel de experiencias e relatorios de orientación co fin de facilitar a inserción laboral dos participantes. Na xornada tamén estivo presente a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez.

Na inauguración da xornada, o titular autonómico felicitou os participantes nesta convocatoria polo seu esforzo, traballo e iniciativa en prol do seu futuro e do futuro da nosa terra. "A maior beneficiada destas mobilidades sempre será Galicia. Se a nosa mocidade ten a oportunidade de coñecer outros países e outras culturas, as súas competencias, habilidades e capacidades medrarán. O que redundará nunha maior calidade no tecido empresarial galego cando estes mozos e mozas volven e se incorporan ao mercado laboral", afirmou o conselleiro. Así mesmo, destacou que Galeuropa tamén contribúe a descubrir novas posibilidades para a internacionalización das empresas galegas.

A través de Galeuropa, a Xunta de Galicia promove e

axuda a financiar a mobilidade da mocidade galega para que realice estadias de prácticas formativas non remuneradas en entidades e empresas públicas ou privadas de países europeos. As axudas concédense directamente de xeito individual ou ben mediante concesión de axudas a proxectos de mobilidade de entidades sen ánimo de lucro con sede permanente ou domicilio social en Galicia que desenvolvan actividades no eido da xuventude ou proxectos de concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

Grazas a este programa, os participantes complementan a competencia profesional e persoal, incrementando así as súas posibilidades de inserción laboral, de forma que poidan acreditar unha práctica formativa no estranxeiro como parte do seu currículo. Así mesmo, con estas mobilidades inténtase dotar a comunidade de profesionais de coñecementos non

só das habilidades propiamente da súa titulación, senón tamén que coñezan o funcionamento do mundo empresarial internacional e á súa vez con dominio de idiomas estranxeiros.

Para conseguir este obxectivo, a Consellería de Política Social destinou no pasado 2016 un total de 2.034.074,76 euros. Un orzamento que responde á prioridade que a Xunta de Galicia establece para apoiar medidas que incrementen as oportunidades de emprego para a mocidade e fomenten a súa autonomía persoal.

Como unha das medidas para a implantación do Sistema nacional de garantía xuvenil inclúese o programa Galeuropa, que á súa vez se enmarca no Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEX), cofinanciado pola Iniciativas de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo.

Rey Varela rematou a súa intervención destacando que, segundo un estudo da Universidade de Santiago de Compostela sobre "Os programas de Educación non formal e a empregabilidade da xuventude en Galicia", o desemprego entre os participantes en Galeuropa diminuíu nun 67%. O estudo destaca que antes das prácticas, un 70,4% dos participantes estaba no paro, cifra que se reduciu posteriormente ata o 23,4%.

<http://xuventude.xunta.es/programas-eu/galeuropa>



**GALEUROPA** 

## Política Social asiste ao Consello Interterritorial de Xuventude para impulsar a colaboración entre rexións neste ámbito

► **A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, acudiu á reunión na que se debateu tamén sobre as cualificacións profesionais de ocio, tempo libre e información xuvenil; sobre os programas de educación non formal e sobre o Sistema nacional de garantía xuvenil.**

**Logroño, 21 de febreiro de 2017.-** A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou na reunión do Consello Interterritorial de Xuventude, convocado polo Instituto de la Juventud e integrado polos organismos de xuventude das comunidades autónomas.

No encontro, os asistentes debateron sobre as cualificacións profesionais de ocio, tempo libre e información xuvenil; sobre a necesidade de impulsar a colaboración das CCAA en materia de xuventude e sobre a posibilidade de establecer un sistema de recoñecemento da educación non formal no ámbito da xuventude.

Cecilia Vázquez destacou a importancia de que a mocidade complemente o seu currículo académico co desenvolvemento de actividades de educación non formal, polas que a Xunta de Galicia aposta de xeito decidido. Así, a Administración Autonómica pon á disposición dos mozos e mozas galegos programas como Erasmus+, Xuventude en Acción,

Deseñando o teu futuro, Galeuropa, Correspondentes Xuvenís ou Iniciativa Xove, entre outros. "A participación en proxectos de educación non formal fomenta a adquisición de valores positivos, como o traballo en grupo, a responsabilidade, a comunicación, o sentido da iniciativa e a autoconfianza", afirmou a titular autonómica.

Así mesmo, na reunión tamén se abordou a situación do programa SIX+ Garantía Xuvenil, no que se inscribiron un total de 1.346 mozos e mozas galegos entre os meses de xaneiro e novembro de 2016. Cómpre destacar que Galicia, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, foi unha das primeiras comunidades autónomas en adherirse ao programa de Garantía Xuvenil+ SIX tras a sinatura do convenio de colaboración entre o INJUVE e o Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Grazas á adhesión, os mozos e mozas reciben información personalizada das vantaxes desta iniciativa europea e toda a axuda



necesaria para formar parte dela. O proceso de inscrición iníciase mediante a xeración dun código de activación nas propias oficinas de información xuvenil, na que ademais de información, reciben acompañamento para elaborar o seu currículo tras recibir o seu código. Unha vez inscritos, infórmaselles dos cursos de formación, actividades e axudas ás que poden acceder.

A Comunidade Autónoma conta con 29 oficinas SIX+ Garantía Xuvenil en distintas localidades galegas para información, orientación e inscrición dos mozos e mozas no programa. Así mesmo, hai outras 12 máis nos Espazos Xove dependentes do

departamento autonómico e sitos en Betanzos, Noia, Pontedeume, Curtis, Carballo, Tui, Vilagarcía de Arousa, Lalín, Ourense, Chantada, Vilalba e Viveiro. Tamén se conta con estas oficinas nas oficinas municipais de información xuvenil de Rianxo, Brión, A Baña, Xove, Xinzo de Limia, A Garda, Barro, Cangas do Morrazo, Gondomar, Vigo, Cotobade, Poio, Ponteareas, Salceda de Caselas, Soutomaior e Tomiño.

Tras finalizar a reunión, Cecilia Vázquez valorou de xeito moi positivo a celebración deste encontro que "de seguro, redundará no beneficio dos nosos mozos e mozas".

<http://www.injuve.es>

The screenshot shows the INJUVE website interface. At the top, there are logos for the Spanish Government, the Galician Government, and INJUVE. The main banner features the text "ERASMUS+ 30 AÑOS DE HISTORIA" with a colorful graphic. Below the banner, there is a section titled "DE DESTACAMOS" with a date of "23 FEBRERO 2017". To the right, there is a "De interés" section featuring a video player with the title "Launch of the European Solidarity Corps - 7 December 20..." and a social media widget for INJUVE with 85K likes.

## A directora xeral de Xuventude participa na asemblea xeral da Rede española de albergues xuvenís

<http://xuventude.xunta.es/albergues-e-residencias>



**Madrid, 6 de febreiro de 2017.**- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou na asemblea xeral ordinaria da Red española de albergues juveniles (REAJ) na que se deu conta da situación actual da organización. Nesta reunión tamén estiveron presentes os titulares de Xuventude do resto das comunidades autónomas do país.

Así, entre os temas debatidos durante a sesión, fíxose un repaso aos datos estatísticos, que a data de novembro do ano pasado, xa superaban as pernoctas do ano anterior. Tamén se destacou o impulso

á páxina web, unha ferramenta indispensable de difusión e promoción da REAJ e a súa rede de albergues. Outro dos temas destacados foi o valor engadido do carné de alberguista. Preténdese que sexa un elemento útil para o usuario, non só para hospedarse no albergue, senón para empregalo como complemento nas viaxes e na vida cotiá a partir de importantes descontos. Así mesmo, a REAJ está a traballar en establecer novos contactos con entidades, especialmente colexios maiores e residencias universitarias, ambos espazos nos que hai contacto directo con mozos e mozas e potenciais usuarios deste

- ▶ Na reunión, á que tamén acudiron responsables do eido da mocidade doutras comunidades autónomas, aprobáronse os orzamentos para o 2017
- ▶ Galicia conta con 9 albergues asociados a esta rede grazas á cal a Xunta de Galicia desenvolve programas de intercambio co obxectivo de que os mozos e mozas amplíen os seus coñecementos nun ambiente internacional.

carné. Por último, aprobáronse os orzamentos da organización para este ano 2017.

A asistencia a esta sesión ten unha grande importancia para o impulso do tecido alberguista galego, xa que a comunidade conta con varias instalacións integradas na REAJ, como os albergues xuvenís de Gandarío (Bergondo), LUG II (Lugo), Residencia xuvenil Altamar (Pontevedra), Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas (Ourense), As Corcerizas (Vilar de Barrio, Ourense), Os Biocos (San Xoán de Río, Ourense), Equal (Coles, Ourense), Monte do Gozo en Santiago e Artsurfcamp en Carballo (A Coruña).

Cómpre destacar que a través da REAJ, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado desenvolve programas de intercambios xuvenís, grazas aos cales a mocidade galega

beneficiase dunha oportunidade única de experimentar, vivir e colaborar nos albergues doutros países co obxectivo de mellorar os seus coñecementos nun ambiente internacional.

Así mesmo, a Dirección Xeral está á espera de que se resolva o programa Movic, unha iniciativa cofinanciada pola REAJ e polas comunidades autónomas que ten como finalidade promocionar e difundir o movemento alberguista e fomentar a mobilidade xuvenil. Galicia presentou a esta convocatoria un proxecto sobre mocidade e conservación do Medio que se realizaría no albergue de Gandarío, co obxectivo de fomentar entre a mocidade actitudes de respecto coa natureza, ademais de difundir o alberguismo e as súas potencialidades. Ao abeiro do Movic'17, a REAJ cofinanciará un máximo de 2 proxectos.

<http://reaj.com/>

**Red Española de Albergues Juveniles**  
Hostelling Internacional España

**DESCUENTOS CARNÉ DE ALBERGUISTA**  
Miles de descuentos nacionales e internacionais

IBERIA | JUST EAT | BALARÍA | AVIS | ARMAS | ALSA | VISIONLAB

Buscador albergues

COMPRA TU CARNÉ AHORA

+5 personas  
RESERVAS GRUPOS

## Actualidade

## A Consellería de Política Social publica a versión en lectura fácil da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020

- ▶ É a primeira vez que se valida un documento da Administración autonómica neste formato, o que permitirá que sexa accesible a todas as persoas con dificultades de comprensión lectora
- ▶ A adaptación e validación do texto foi realizada en colaboración con FADEMGGA Plena Inclusión Galicia e a Asociación ASPAS.

**Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2017.-** A Consellería de Política Social acaba de publicar por vez primeira a versión validada en lectura fácil da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, de xeito que este documento sexa accesible a todas as persoas con dificultades de comprensión lectora.

A lectura fácil é un método de adaptación e redacción de textos para facer accesible a información e a cultura ás persoas con dificultades de comprensión lectora. Os documentos que contan con esta versión, están dotados dun logotipo de cor azul escuro creado no ano 1998 pola Asociación Europea de Persoas con Discapacidade Intelectual e as súas Familias (Inclusion Europe). A utilización deste logo esixe o cumprimento de pautas de redacción de textos e deseño dos documentos, recollidas nas "Normas europeas de lectura fácil" de Inclusión Europe.

A adaptación do texto foi realizada en colaboración con FADEMGGA Plena Inclusión Galicia, entidade que aglutina diversas asociacións de familiares de persoas con discapacidade intelectual de Galicia, e que busca a integración social e laboral deste colectivo. Nesta ocasión, FADEMGGA contou coa colaboración de

4 membros con discapacidade intelectual da Asociación Aspas, quen participaron na validación (requisito indispensable para que o documento sexa considerado de lectura fácil) da adaptación da Estratexia, a través de reunións diarias nas que puxeron en conxunto as súas suxestións para poñer á disposición de todos os galegos e galegas un documento de vital importancia para as políticas sociais da Comunidade Autónoma.

A Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, dirixe os seus esforzos cara os aspectos considerados clave para avanzar na consecución da igualdade real das persoas con discapacidade e a súa inclusión social. Este documento é o resultado dun proceso en que participaron as principais entidades sociais e profesionais neste eido e constitúe a folla de ruta que está a aplicar a Xunta nos vindeiros anos para promover que as persoas con discapacidade poidan gozar dunha vida autónoma e independente.

Para acadar este obxectivo, a estratexia susténtase nunha serie de liñas transversais con vocación de impregnar o conxunto de actuacións que se desenvolven ao seu abeiro e que son a accesibilidade, a participación, a investigación, a innovación e a calidade e a igualdade de xénero.

<http://easy-to-read.eu/es/>



## A Xunta traballa na inclusión social de persoas con discapacidade que residan no medio rural

- ▶ A xornada propiciou o intercambio de coñecemento e divulgación de resultados do traballo realizado por distintas Administracións públicas, entidades sociais do ámbito da Discapacidade e grupos de acción local
- ▶ A administración autonómica presentou aos asistentes o Proxecto Symbios, centrado no estudo dos impactos sociais do cambio demográfico nas áreas máis afectadas polo envellecemento e o declive da poboación, nomeadamente as rurais.

**Madrid, 8 de febreiro de 2017.-** A Dirección Xeral de Inclusión Social e a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade estiveron representadas na Xornada de Desenvolvemento Rural Inclusivo organizada polo Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) e a Red rural nacional. Nela, analizáronse diversas fórmulas para mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade que residen no medio rural e para favorecer a súa inclusión social. Ademais de representantes da Xunta de Galicia, tamén participou persoal técnico de entidades de iniciativa social e das administracións doutras comunidades autónomas.

A xornada propiciou a aprendizaxe mutua e a reflexión sobre boas prácticas neste eido, así como identificar novas liñas de cooperación e acción conxunta entre as plataformas que representan ás persoas con discapacidade e as administracións públicas. Neste encontro desenvóléronse diversas mesas de traballo nas que persoas con discapacidade residentes no medio rural deron a coñecer as súas experiencias e demandas.

Na queda de presentación de proxectos innovadores en

materia de cooperación territorial, a Xunta de Galicia presentou o Proxecto Symbios. Este proxecto, enmarcado no Programa operativo do FSE 2007-2013, traballou, a través dunha rede transnacional, o fenómeno da exclusión territorial como consecuencia do cambio demográfico. Ademais, tamén identificou, analizou e normalizou toda unha serie de iniciativas exitosas na abordaxe dos desafíos para a inclusión das persoas que residen en áreas en declive e, entre elas, varias desenvolvidas por e para persoas con discapacidade.

A realización deste encontro cobra unha especial importancia nun contexto como o actual, que ofrece importantes oportunidades para un desenvolvemento rural inclusivo. Os datos por comunidades autónomas reflicten que máis dun 10% da poboación no medio rural precisa de apoio para realizar as actividades básicas da vida diaria, para mellorar os seus plans de vida ou para mellorar a súa participación na sociedade e exercer unha cidadanía de pleno dereito. Neste sentido, é vital aproveitar todo o potencial que ofrece o medio rural para a plena inclusión destas persoas, mediante fórmulas de coordinación e traballo en rede.

<http://www.cermi.es/>



## A Xunta de Galicia participa en Madrid na primeira reunión da comisión para a análise do Sistema de atención á dependencia

- ▶ **O obxectivo deste grupo de traballo é facer unha diagnose do sistema co fin de avaliar a súa adecuación ás necesidades das prestacións asociadas á dependencia.**

**Madrid, 23 de febreiro de 2017.**- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, desprazouse a Madrid para asistir á reunión constitutiva da comisión para a análise da situación do Sistema da dependencia, cuxa creación se acordou na última Conferencia de Presidentes Autonómicos celebrada o pasado 17 de xaneiro. Este grupo de traballo ten por obxecto analizar o estado actual do sistema, co fin de melloralo e avaliar a súa adecuación

ás necesidades das prestacións asociadas á dependencia.

Galicia é unha das sete comunidades autónomas que forman parte desta comisión específica, xunto con Cataluña, Andalucía, Asturias, Aragón, Canarias e Castela e León. Así mesmo, tamén están integrados no devandito órgano o Secretariado de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, o Secretariado Xeral e a Dirección Xeral do Instituto de Maiores e Servizos Sociais

(IMSERSO), a Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Facenda e Función Pública, e a Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais do Ministerio da Presidencia e para as Administracións territoriais.

Rey Varela explicou que o Goberno galego "participa nesta comisión co obxectivo de que serva para dar un impulso definitivo á atención á dependencia". Ao respecto, avogou por un grande acordo de Estado para atender o reto do coidado dos nosos maiores e persoas con discapacidade. Para iso, o conselleiro indicou

que cómpre estudar os diferentes servizos que se prestan e o seu custo de acordo coas características que presenta Galicia en canto a porcentaxe de persoas maiores e dispersión, así como as posibilidades de emprego asociadas a eses servizos e o estudo de modelos de éxito doutras comunidades autónomas e doutros estados.

O compromiso de todas as comunidades autónomas e do Estado adoptado por unanimidade é concluir no prazo de tres meses o informe técnico desta comisión para a análise da situación do sistema de Dependencia.

## A Xunta evita máis de 160 desafiuzamentos a través do programa Reconduce

- ▶ **O responsable da área social do Goberno galego destaca que, a día de hoxe, non hai constancia de ningún desafiuzamento de familias co expediente formado e defendido a través deste programa**

**Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017.**- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, avaliou en sede parlamentaria o funcionamento do programa Reconduce en resposta a unha pregunta oral, indicando que a día de hoxe non hai constancia de ningún desafiuzamento de familias co expediente formado e defendido a través deste programa. Deste xeito, Rey Varela defendeu a valía desta iniciativa que dende a súa posta en marcha no ano 2013 contabilizou 451 rexistros.

Máis polo miúdo, o responsable da área social do Goberno galego explicou que de todas as actuacións que contabiliza o servizo, unha parte delas obedece a consultas en relación a cuestións como a redacción de instancias para remitir ás entidades bancarias para a baixada de xuros, o asesoramento sobre

cláusulas asinadas co banco ou a resolución de dúbidas, entre outras. En concreto, o número de expedientes abertos por medio do Reconduce ascende a 197, dos cales están pechados ou con algún tipo de acordo ou solución 163, mentres que o resto están en proceso de tramitación. Así mesmo, na actualidade existen soamente catro expedientes nos que non foi posible acadar un acordo debido á denegación inmotivada da proposta realizada por parte da entidade financeira.

Na súa intervención, Rey Varela salientou que o Reconduce ofrece de maneira integrada os servizos de información e orientación, asesoramento xurídico e económico, atención social específica, apoio psicolóxico, orientación laboral e apoio na busca duna vivenda alternativa. Ademais, fixo fincapé nos logros deste programa, como o de

contribuír a desafogar os servizos sociais comunitarios municipais ao proporcionarlles un dispositivo ao que poden derivar todos os casos de desafiuzamento por execución hipotecaria da vivenda habitual das persoas e familias en risco ou situación de vulnerabilidade social e favorecer a coordinación entre administracións.

Así mesmo, outra das fortalezas deste programa é o protocolo de colaboración asinado con sete entidades financeiras que operan en Galicia para o establecemento dun sistema de intermediación con estas. Ao respecto, o titular de Política Social indicou que con este acordo conseguiu instituír a Xunta de Galicia como un interlocutor único recoñecido polas entidades bancarias, o que

permite á Administración autonómica actuar como garante da protección dos dereitos dos afectados, dando así forza á posición negociadora das persoas en risco de desafiuzamento fronte ás entidades financeiras.

Por último, Rey Varela anunciou un incremento dos recursos económicos destinados ao Reconduce, que contará este ano cun orzamento de 460.000 euros. Ademais, indicou que se estudará a apertura de novas sedes do programa que se sumen á que está en funcionamento en Santiago de Compostela e que funciona como xanela única, co obxectivo de tecer unha rede de oficinas nas catro provincias.

[http://politicassocial.xunta.gal/web/porta/planseprogramas?p\\_p\\_id=ipecos\\_opencms\\_portlet\\_INSTANCE\\_P37k&p\\_p\\_](http://politicassocial.xunta.gal/web/porta/planseprogramas?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k&p_p_)



## Rey Varela estuda os retos da nova lexislatura en canto a redución da exclusión social coa Rede Galega contra a Pobreza

- ▶ O conselleiro de Política Social retoma os encontros coas entidades para avanzar na Axenda Social, un documento que recolle medidas de apoio á renda, de abordaxe da pobreza enerxética e infantil, de atención á inclusión residencial ou de apoio á contratación de persoal para os servizos sociais municipais

**Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2017.-** O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, mantivo no seu despacho de San Caetano un encontro cos representantes da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN), no que valoraron os retos e propostas da nova lexislatura para avanzar cara á eliminación da pobreza e da exclusión social no Terceiro Sector Social galego. Na reunión tamén estivo presente o director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado.

Nesta liña, Rey Varela explicou a EAPN que o departamento autonómico está a retomar o contacto directo coas entidades para avanzar na Axenda Social aprobada pola Xunta de Galicia o ano pasado. E, ao fío, lembraba que se trata dunha proposta elaborada para garantir a atención das persoas e familias con menos recursos e que están nunha situación ou risco de exclusión social. Así mesmo, o

conselleiro aproveitou o encontro desta mañá para trasladarles a intención do seu departamento de impulsar neste ano un novo decreto da Lei de Inclusión (RISGA), e adquiriu o compromiso de avanzar na coordinación entre a administración autonómica e esta entidade. "Queremos que todos os habitantes de Galicia vivan nunha sociedade cunha igualdade real e efectiva no acceso ao benestar, e ese é un obxectivo que comparte co nós a Rede Galega contra a Pobreza, polo que sempre contarán co apoio da Xunta de Galicia", subliñou o conselleiro ao remate do encontro.

A Axenda Social Única de Galicia comprende respostas dirixidas a reducir a privación material das familias, con medidas de carácter material e monetario, e a mellorar o seu acceso e a oferta de atención nos servizos sociais, con medidas de carácter técnico, así como outras dirixidas a facilitar o seu acceso aos



recursos residenciais. Deste xeito, contempla medidas de apoio á renda, como poden ser a RISGA, as Axudas de Inclusión Social, ou as Axudas de Emerxencia Social e Complementarias ás AIS, entre outras que dependen da Consellería de Política Social. Así mesmo, tamén recolle medidas de abordaxe da pobreza enerxética como o ticket eléctrico e o programa para evitar cortes de subministro eléctrico implantado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. As medidas de atención á inclusión residencial tamén forman parte de Nova Axenda Social e nelas enmárcanse, entre outros, programas

como Reconduce ou Aluga e o Bono de Aluguer Social (estes dous últimos dependentes do Instituto Galego de Vivenda e Solo).

A Axenda tamén inclúe outra serie de iniciativas dirixidas á promoción de programas e proxectos de Inclusión Social; medidas de atención á Dependencia como o Servizo de Axuda no Fogar (SAF); accións de abordaxe da pobreza infantil; o apoio á contratación de persoal especializado para os servizos sociais e municipais e o reforzamentos destes equipos; e medidas dirixidas a entidades de iniciativa social e de colaboración con outros axentes.

<http://eapn-galicia.com/es/>



**AS PERSOAS PRIMEIRO  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL**  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS  
COORDINACIÓN  
CAUSAS  
DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



¿Quiénes somos?

Entidades Miembro

¿Qué hacemos?

Documentos

Noticias

Contacto

Buscar

IR



EAPN-GALICIA EN LA RED



## Feijóo avanza a construción de sete residencias públicas con máis de 900 prazas para dependentes

**Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017.-** O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou na rolda de prensa do Consello a construción de sete novas residencias públicas nas sete grandes cidades de Galicia que, cun investimento de máis de 47 millóns de euros, permitirá poñer á disposición dos galegos máis de 900 prazas para persoas maiores dependentes e a creación de 500 postos de traballo.

Feijóo subliñou que o obxectivo desta iniciativa é aumentar a oferta asistencial pública naqueles lugares onde se concentra a demanda de prazas, facilitando que os maiores permanezan preto dos seus fogares.

Deste xeito, o plan propón dotar as cidades con maior poboación –Vigo e Coruña- de equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo contarán con centros de 120 prazas.

No que respecta ás características das residencias, o titular da Xunta subliñou que a totalidade das residencias se dividirán

nas mesmas zonas ou áreas –sendo a residencial a máis ampla-, con estancias destinadas ao aloxamento, comedor, peirruquería, cuarto de enfermaría, sala de estar e paseos.

Así mesmo, cómpre salientar que a maioría das persoas residentes disporán de habitacións individuais. E todos os centros terán unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas, é dicir, contarán con zonas específicas para aloxar, coidar e traballar con residentes que padezan deterioracións ou trastornos cognitivos severos.

O resto das áreas destinaranse a zona social; a atención especializada, que acollerá a consulta médica, as salas de rehabilitación e podoloxía, a farmacia e unha unidade de enfermaría; e a zona de administración e servizos como lavandería e cociña.

En relación ás localizacións, Feijóo explicou que, cun investimento de 8 millóns de euros e cunha capacidade de 150 prazas, a parcela proposta para a construción da residencia de Vigo é a actual localización do

- ▶ **O plan propón dotar as cidades con maior poboación –Vigo e A Coruña- de equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo contarán con centros de 120 prazas.**
- ▶ **A maioría das persoas residentes disporán de habitacións individuais e todos os centros terán unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas.**

antigo cuartel de mariñeira Méndez Nuñez.

Para a cidade da Coruña seleccionouse unha parcela próxima ao parque de Eirís, na zona de Tras Hospital, na que se investirán 8 millóns de euros para albergar unha residencia de 150 prazas, con 90 empregados”, dixo, ao que engadiu que Ourense acollerá un centro residencial nas Lagoas, ao que se destinarán 6 millóns de euros para 120 novas prazas e coa creación de 75 postos de traballo.

As propostas para a construción do novo centro residencial en Lugo, con 120 prazas, 75 traballadores e un investimento de máis de 6 millóns, son a parcela Montirón ou no Hospital Xeral, no Barrio da Residencia. E para a nova residencia proxectada

en Santiago, cun orzamento de 6,4 millóns, 120 prazas e 75 empregados, propónse o barrio das Fontiñas.

A residencia en Pontevedra (120 prazas, 75 empregados e un investimento de máis de 6 millóns) situarase no actual Hospital Provincial de Pontevedra; e, no caso de Ferrol (120 prazas, 75 traballadores e 6,7 millóns de investimento) emprazarase no Boial.

O presidente da Xunta concluíu afirmando que coa construción e entrada en servizo destes equipamentos se dá un paso moi importante nesta materia. “Nestes 100 primeiros días temos a planificación neste eido para toda a lexislatura. Sabemos o que queremos facer e onde queremos facelo”, dixo.

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/portada-de-maiores>

The screenshot shows the website interface for 'Política Social' of the Xunta de Galicia. The top navigation bar includes 'Inicio', 'Mapa do portal', 'Contacto', 'Suxestións e queixas', 'Accesibilidade', and language options 'GALEGO' and 'CASTELLANO'. The main header features the Xunta de Galicia logo and the text 'CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL'. A horizontal menu highlights 'maiores' among other categories like 'infancia', 'familia', 'discapacidade', 'dependencia', and 'comunidade e inclusión'. A search bar is present on the right. The main content area displays a quote: "As persoas de idade deberán permanecer integradas na sociedade, participar activamente na formulación e na aplicación das políticas que afecten directamente o seu benestar e poder compartir os seus coñecementos e habilidades coas xeracións máis novas". Below the quote, it references the 'Principios das Nacións Unidas en favor das persoas de idade' from the 1991 Assembly. The bottom of the page shows the start of two sections: 'Estratexia galega de envelhecimento activo' and 'Programa "Respiro Familiar"'. A sidebar on the left lists various services like 'Teleasistencia', 'Dependencia', and 'Servizo de proximidade'.

## Actualidade

## Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

<b>Xaneiro</b>	das Vítimas da Escravitude e a Trata Transatlántica de Escravos	12 de xuño	15 de xullo
27 de xaneiro		- Día Mundial contra o Traballo Infantil	- Día Mundial das Habilidades da Xuventude
- Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto	<b>Abril</b>	13 de xuño	18 de xullo
	2 de abril	- Día Internacional de Sensibilización sobre o Albinismo	- Día Internacional de Nelson Mandela
<b>Febreiro</b>	- Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo	14 de xuño	30 de xullo
6 de febreiro	6 de abril	- Día Mundial do Doador de Sangue	- Día Internacional da Amizade
- Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina	- Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz	15 de xuño	- Día Mundial contra a Trata
11 de febreiro	7 de abril	- Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez	<b>Agosto</b>
- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia	- Día Mundial da Saúde	19 de xuño	12 de agosto
20 de febreiro	28 de abril	- Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos	- Día Internacional da Xuventude
- Día Mundial da Xustiza Social	- Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo	20 de xuño	19 de agosto
<b>Marzo</b>	29 de abril	- Día Mundial dos Refuxiados	- Día Mundial da Asistencia Humanitaria
1º de marzo	- Día de Conmemoración de todas as vítimas da guerra química	23 de xuño	23 de agosto
- Día da Cero Discriminación (ONUSIDA)	<b>Maio</b>	- Día Internacional das Viúvas	- Día Internacional do Recordo da Trata de Escravos e da súa Abolición
8 de marzo	15 de maio	- Día Internacional da Xente do Mar	30 de agosto
- Día Internacional da Muller	- Día Internacional da Familia	25 de xuño	- Día Internacional das Vítimas de Desaparicións Forzadas
20 de marzo	21 de maio	26 de xuño	<b>Setembro</b>
- Día Internacional da Felicidade	- Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento	- Día Internacional en Apoio das Vítimas da Tortura	5 de setembro
21 de marzo	29 de maio	- Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas	- Día Internacional da Beneficencia
- Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial	- Día Internacional do Persoal de Paz das Nacións Unidas	<b>Xullo</b>	8 de setembro
- Día Mundial da Síndrome de Down	<b>Xuño</b>	2 de xullo (primeiro sábado de xullo)	- Día Internacional da Alfabetización
24 de marzo	1º de xuño	- Día Internacional das Cooperativas	10 de setembro
- Día Internacional do Dereito á Verdade en Relación con Violacións Graves dos Dereitos Humanos e da Dignidade das Vítimas	- Día Mundial das Nais e os Pais	11 de xullo	- Día Mundial para a Prevención do Suicidio
25 de marzo	4 de xuño	- Día Mundial da Poboación	15 de setembro
- Día Internacional do Recordo	- Día Internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agressión		- Día Internacional da Democracia

21 de setembro	- Día Universal do Neno
- Día Internacional da Paz	25 de novembro
<b>Outubro</b>	- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller
1º de outubro	29 de novembro
- Día Internacional das Persoas de Idade	- Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino
2 de outubro	<b>Decembro</b>
- Día Internacional da non Violencia	1º de decembro
10 de outubro	- Día Mundial da Loita contra a Sida
- Día Mundial da Saúde Mental	2 de decembro
11 de outubro	- Día Internacional para a Abolición da Escravitude
- Día Internacional da Nena	3 de decembro
15 de outubro	- Día Internacional das Persoas con Discapacidade
- Día Internacional das Mulleres Rurais	5 de decembro
16 de outubro	- Día Internacional dos Voluntarios
- Día Mundial da Alimentación	9 de decembro
17 de outubro	- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza
- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza	- Día Internacional para a Conmemoración e Dignificación das Vítimas do Crime de Xenocidio e para a Prevención dese Crime
24 de outubro	9 de decembro
- Día das Nacións Unidas	- Día Internacional contra a Corrupción
24 de outubro	10 de decembro
- Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento	- Día dos Dereitos Humanos
<b>Novembro</b>	18 de decembro
10 de novembro	- Día Internacional do Migrante
- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento	20 de decembro
16 de novembro	- Día Internacional da Solidariedade Humana
- Día Internacional para a Tolerancia	
20 de novembro	

[http://www.unaids.org/es/resources/campaigns/2017\\_zero Discrimination Day/materials](http://www.unaids.org/es/resources/campaigns/2017_zero Discrimination Day/materials)



Día da Cero Discriminación (ONUSIDA)

1 de marzo

<http://www.un.org/es/events/womensday/>



Día Internacional da Muller

8 de marzo

<http://www.un.org/es/events/happinessday/>



Día Internacional da Felicidade

20 de marzo

<http://www.un.org/es/events/racialdiscriminationday/>



Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial

21 de marzo

<http://www.un.org/es/events/downsyndromeday/>



Día Mundial da Síndrome de Down

21 de marzo

<http://www.un.org/es/events/autismday/>



Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo

2 de abril

<http://www.who.int/campaigns/world-health-day/2017/es/>



Día Mundial da Saúde

7 de abril

## Estadísticas

## Enquisa de poboación activa (EPA)

Os datos correspondentes á poboación activa, ocupada, parada e inactiva en Galicia e España no 4º trimestre de 2016, expresados en miles de persoas, son os seguintes:

	Total	Activos	Ocupados	Parados
A Coruña	970,3	535,8	458,1	77,6
Lugo	296,2	149,5	128,9	20,5
Ourense	275,9	133,7	108	25,7
Pontevedra	806,8	434,9	354,6	80,3
<b>Galicia</b>	<b>2.349,30</b>	<b>1.253,80</b>	<b>1.049,60</b>	<b>204,2</b>
<b>España</b>	<b>38.584,90</b>	<b>22.745,90</b>	<b>18.508,10</b>	<b>4.237,80</b>

Fonte: EPA 4º trimestre 2016 do INE

A distribución dos ocupados, parados, taxa de paro e taxa de emprego por comunidades autónomas é a seguinte:

	Ocupados (*)	Parados (*)	Taxa de emprego	Taxas de paro
Andalucía	2.845,3	1.120,3	41,2	28,3
Aragón	560,8	87,8	51,2	13,5
Asturias	393,8	67,3	43,5	14,6
Illes Balears	511,6	81,9	53,9	13,8
Canarias	826,3	274,0	45,8	24,9
Cantabria	240,8	35,7	49,0	12,9
Castela-A Mancha	972,9	169,1	46,8	14,8
Castela e León	770,1	219,0	45,8	22,1
Cataluña	3.202,6	558,5	52,5	14,9
Valencia	1.973,8	467,4	48,1	19,2
Extremadura	358,0	141,3	39,4	28,3
<b>Galicia</b>	<b>1.049,6</b>	<b>204,2</b>	<b>44,7</b>	<b>16,3</b>
Madrid	2.860,8	489,1	54,0	14,6
Murcia	571,6	130,5	48,1	18,6
Navarra	277,3	30,8	53,0	10,0
País Vasco	902,1	126,2	49,7	12,3
A Rioxa	135,8	16,6	52,4	10,9
Ceuta	27,9	8,0	42,9	22,4
Melilla	27,0	10,2	43,5	27,4
<b>TOTAL</b>	<b>18.508,1</b>	<b>4.237,8</b>	<b>48,0</b>	<b>18,6</b>

(\*) en miles de persoas

A distribución das taxas de paro por sexo en Galicia e España é a seguinte:

	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	15,4	13,9	17
Lugo	14	13,8	14,3
Ourense	17,7	17,7	17,7
Pontevedra	17,9	17,9	17,9
<b>Galicia</b>	<b>16,3</b>	<b>15,7</b>	<b>17,1</b>
<b>España</b>	<b>18,9</b>	<b>17,4</b>	<b>20,7</b>

Fonte: EPA 4º trimestre 2016 do INE-IGE



A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964, sendo a metodoloxía vixente na actualidade a de 2005.


A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos).

A mostra inicial é dunhas 65.000 familias ao trimestre que equivalen aproximadamente a 180.000 persoas.

## Taxa de paro por comunidades autónomas



## Taxa de paro Galicia-España



## O emprego das persoas con discapacidade



O Emprego das persoas con discapacidade é unha operación de periodicidade anual que ten como obxectivo obter datos sobre a forza de traballo (ocupados, parados) e a poboación allea ao mercado laboral (inactivos) dentro do colectivo de persoas con idades comprendidas entre os 16 e 64 anos e con discapacidade oficialmente recoñecida.

As taxas de actividade, emprego e paro por sexo en 2015 son as seguintes:

	Taxa: Total	Taxa: Persoas sen discapacidade	Taxa: Persoas con discapacidade
<b>Homes</b>			
Actividade	80,9	84,2	34,4
Emprego	64	66,9	23,8
Paro	20,9	20,6	30,9
<b>Mulleres</b>			
Actividade	80,9	84,2	34,4
Emprego	64	66,9	23,8
Paro	20,9	20,6	30,9
<b>Total</b>			
Actividade	75,5	78,1	33,9
Emprego	58,7	60,9	23,4
Paro	22,2	21,9	31


Fonte: INE ([http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=estadistica\\_C&cid=1254736055502&menu=ultiDato&idp=1254735976595](http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=estadistica_C&cid=1254736055502&menu=ultiDato&idp=1254735976595))

Os datos correspondentes á poboación activa, ocupada, parada e inactiva en España no 2015, expresados en miles de persoas, son os seguintes:


	Total	Persoas sen discapacidade	Persoas con discapacidade	Porcentaxe vertical: Persoas sen discapacidade	Porcentaxe vertical: Persoas con discapacidade
Activos	22.767,1	22.166,0	601,1	78,1	33,9
Ocupados	17.717,5	17.302,7	414,8	60,9	23,4
Parados	5.049,6	4.863,3	186,3	17,1	10,5
Inactivos	7.407,3	6.233,7	1.173,60	21,9	66,1
<b>Total</b>	<b>30.174,5</b>	<b>28.399,7</b>	<b>1.774,80</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: INE ([http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=estadistica\\_C&cid=1254736055502&menu=ultiDato&idp=1254735976595](http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=estadistica_C&cid=1254736055502&menu=ultiDato&idp=1254735976595))

Total persoas con discapacidade



Total persoas sen discapacidade



## O salario das persoas con discapacidade



O Salario das persoas con discapacidade é unha operación que ten como obxectivo coñecer a distribución dos salarios dos traballadores por conta allea con discapacidade oficialmente recoñecida e faio en termos comparativos cos asalariados sen discapacidade.

Ganancia anual: para os traballadores asalariados segundo teñan ou non discapacidade.

	Total	Persoas sen discapacidade	Persoas con discapacidade
Homes	25.727,20	25.886,80	20.502,60
Mulleres	19.744,80	19.808,70	16.732,40
<b>Total</b>	<b>22.858,20</b>	<b>22.958,00</b>	<b>19.023,10</b>

Fonte: O Salario das Persoas con Discapacidade. Serie 2010-2014, do INE-IGE

Ganancia anual: para os traballadores asalariados segundo teñan ou non discapacidade e idade.

	Total	Persoas sen discapacidade	Persoas con discapacidade
De 16 a 29 anos	15.051,20	15.085,10	12.214,50
De 30 a 44 anos	15.051,20	15.085,10	12.214,50
De 45 e máis anos	25.672,00	25.867,10	20.814,80
<b>Total</b>	<b>22.858,20</b>	<b>22.958,00</b>	<b>19.023,10</b>

Fonte: O Salario das Persoas con Discapacidade. Serie 2010-2014, do INE-IGE

Segundo sector de actividade.

	Total	Persoas sen discapacidade	Persoas con discapacidade
Industria y construcción	25.885,00	25.994,40	21.011,40
Servicios	22.077,10	22.171,00	18.593,90
<b>Todos los sectores de actividad</b>	<b>22.858,20</b>	<b>22.958,00</b>	<b>19.023,10</b>

Fonte: O Salario das Persoas con Discapacidade. Serie 2010-2014, do INE-IGE

Estadísticas

**Prazas en centros residenciais de atención a persoas maiores 2016**

A Xunta de Galicia conta con 3.465 prazas distribuídas en 31 centros residenciais de titularidade propia. Dos centros propios, 19 están xestionados directamente pola Xunta de Galicia, mentres que os 12 restantes son xestionados por empresas externas.


Xestión:	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total prazas
Propia	932	1.247	<b>2.179</b>
Externa	24	1.262	<b>1.286</b>
<b>Total</b>	<b>956</b>	<b>2.509</b>	<b>3.465</b>

Ademais a Xunta de Galicia ten prazas concertadas en 74 centros. Hai prazas concertadas en 3 centros de titularidade municipal, 34 centros de titularidade privada con ánimo de lucro e 37 centros de iniciativa social. O total de prazas concertadas é de 3.426; 14 son prazas con autonomía e 3.412 son prazas con dependencia.

	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total prazas
A Coruña	0	891	<b>891</b>
Lugo	0	812	<b>812</b>
Ourense	4	775	<b>779</b>
Pontevedra	10	934	<b>944</b>
<b>Total</b>	<b>14</b>	<b>3.412</b>	<b>3.426</b>


**Distribución provincial das prazas públicas da Xunta de Galicia**

	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total prazas
A Coruña	364	1.984	<b>2.348</b>
Lugo	320	1.170	<b>1.490</b>
Ourense	72	1.179	<b>1.251</b>
Pontevedra	214	1.588	<b>1.802</b>
<b>Total</b>	<b>970</b>	<b>5.921</b>	<b>6.891</b>



**Evolución de prazas residenciais da Xunta de Galicia**

	Prazas en centros propios	Prazas en centros concertados	Total
2004	3.078	862	<b>3.940</b>
2005	3.098	1.581	<b>4.679</b>
2006	3.179	2.110	<b>5.289</b>
2007	3.329	2.101	<b>5.430</b>
2008	3.333	2.226	<b>5.559</b>
2009	3.324	2.467	<b>5.791</b>
2010	3.448	3.203	<b>6.651</b>
2011	3.464	3.196	<b>6.660</b>
2012	3.464	3.191	<b>6.655</b>
2013	3.440	3.191	<b>6.631</b>
2014	3.440	3.306	<b>6.746</b>
2015	3.460	3.346	<b>6.806</b>
<b>2016</b>	<b>3.465</b>	<b>3.426</b>	<b>6.891</b>



<https://politicassocial.xunta.gal/XiacWeb/>





## ALERTAS BIBLIOGRÁFICAS

• **El Profesional de la Información (EPI)**

ISSN: 1386-6710. Periodicidad bimestral. Data de inicio: 1997-

<http://recyt.fecyt.es/index.php/EPI/index>

A revista internacional científica e profesional en español líder na área de información, comunicación, documentación, bibliotecas e novas tecnoloxías

Editores: EPI SCP

<http://www.elprofesionaldelainformacion.com/index.html>

Último nº publicado: Vol. 26, nº. 1 (xan.-febr. 2017) dedicado a: Públicos vulnerables e empoderamento dixital

A loita contra a pobreza e a exclusión social son, con maior ou menor intensidade, unha constante nas estratexias europeas de crecemento económico e xeración de emprego, e nos programas marco de investigación vinculados a estas. Na actualidade os conceptos de exclusión e inclusión inclúen o acceso e uso de tecnoloxías e redes de información e comunicación. Pola súa relevancia e peso cada vez maior nas políticas sociais, é preciso avanzar na definición e aplicación de conceptos como exclusión, vulnerabilidade e empoderamento no marco das sociedades dixitais. Para el, o investimento e dedicación de recursos á investigación en ciencias sociais e humanidades é unha condición fundamental

**Observatorio**

- Públicos vulnerables y empoderamiento digital: el reto de una sociedad e-inclusiva / Carmen Fuente Cobo, páx. 5-12

**Artigos**

- Producing political content for web 2.0: Empowering citizens and vulnerable populations /Andreu Casero-Ripollés, págs. 13-19.

- Social and digital empowerment of vulnerable library users of the Murcia Regional Library, Spain / José-Antonio Gómez-Hernández, Manuel Hernández Pedreño, Eduardo Romero Sánchez, págs. 20-32.

Artigo traducido ao español: Empoderamiento social y digital de los usuarios en riesgo de exclusión de la Biblioteca Regional de Murcia, España

- Electronic government and online tasks: Towards the autonomy and empowerment of senior citizens / Leopoldo Abad Alcalá, Carmen Llorente Barroso, María Sánchez Valle, Mónica Viñarás Abad, Marilú Pretel Jiménez, págs. 34-42.

Artigo traducido ao español: Administración electrónica y trámites online: hacia la autonomía y el empoderamiento de las personas mayores

- Empoderamiento mediático mediante e-learning: Diseño y validación de una escala / Juan Francisco Martínez Cerdá, Joan Torrent i Sellens, págs.. 43-54

- Radio y empoderamiento social: Usos y gratificaciones del taller de radio para las personas con discapacidad intelectual o del desarrollo / Juan Antonio Cortés Fuentes, Beatriz Correyero Ruiz, págs. 55-65

- The empowerment of the film spectator: Theatrical on demand in Spain / Rafael Linares Palomar, A. Baraybar Fernández, págs. 67-76.

Artigo traducido ao español: Empoderamiento del espectador cinematográfico: exhibición bajo demanda en España

- Empowerment or impoverishment of children from social networks? : Perceptions of sexualized images of girls in Instagram / Mónica Díaz Bustamante Ventisca, Carmen Llovet Rodríguez, págs. 77-87.

Artigo traducido ao español: ¿Empoderamiento o empobrecimiento de

la infancia desde las redes sociales? Percepciones de las imágenes de niñas sexualizadas en Instagram

- Disociación entre las experiencias negativas y la percepción de riesgo de las redes sociales en adolescentes / Belinda de Frutos Torres, Mercedes Marcos Santos, págs. 88-96

- Percepción de los padres sobre el empoderamiento digital de las familias en hogares hiperconectados / Teresa Torrecillas Lacave, Tamara Vázquez Barrio, Laura Monteagudo Barandalla, págs. 97-104

• **Revista Española de Discapacidad, nº 4, nº 2, 2016. 272 p.**

ISSN: 2340-5104 NIPO: 689-15-006-1 DOI:

<http://dx.doi.org/10.5569/2340-5104>

Editado polo Centro Español de Documentación sobre Discapacidad (CEDD)

PDF revista completa:

<http://www.cedd.net/redis/index.php/redis/article/view/297/186>

- Análisis económico-financiero de los centros especiales de empleo de España / Vera Gelashvili, María del Mar Camacho-Miñano, María Jesús Segovia-Vargas, p. 7-24.

- Inclusión educativa. Actitudes y estrategias del profesorado / Paula Garzón Castro, Mª Isabel Calvo Álvarez, Mª Begoña Orgaz Baz, p. 25-45.

- El apoyo activo como herramienta para la mejora de la participación de la persona con discapacidad intelectual. Estado de la cuestión / Tania Cuervo Rodríguez, María Teresa Iglesias García, Samuel Fernández Fernández, p. 47-62.

- Aplicación de un nuevo programa de habilidades sociales a un grupo de adultos con discapacidad intelectual / Eva María Padilla Muñoz, p. 63-80.

- PDF Sobre el concepto jurídico de persona con discapacidad y la noción de apoyos necesarios / Carlos De Fuentes García-Romero de Tejada, p. 81-99.

- El derecho de voto de las personas con discapacidad y, en especial, de las personas con discapacidad psíquica o intelectual en derecho internacional. Su recepción en España / Víctor Carlos Pascual Planchuelo, p. 101-122.

- La sexualidad y la maternidad como factores adicionales de discriminación (y violencia) en las mujeres con discapacidad / María del Pilar Gomiz Pascual, p. 123-142.

- El subtítulo para sordos en España y Alemania: estudio comparado de los marcos normativos y la formación universitaria / Carmen Cuéllar Lázaro, p. 143-162.

- Lesión medular y ejercicio físico: revisión desde una perspectiva deportiva / Gabriel Brizuela Costa, José Luis Romero Ávila, Julia Beltrán Herranz, p. 163-185. Tribuna

- La Ley de dependencia: costes reales y financiación total durante el periodo 2012-2015 / Rafael Beitia, Balbino Pardavila, p. 189-204. PDF

- La discapacidad en las estadísticas del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas / Domingo Carbajo Vasco, p. 205-218.

- PDF El rol de las familias españolas con hijos con discapacidad en la inclusión educativa. Una mirada histórico-normativa / Fran J. García-García, Manuel López-Torrijo, p. 219-233.

- PDF Empoderamiento de personas con discapacidad a través del aprendizaje colaborativo: proyecto Idipower / Irene De los Ríos Gutiérrez, Mª José

## ALERTAS BIBLIOGRÁFICAS

Cabo González, p. 235-240.

- PDF Estudio sobre percepción de valores éticos en un proyecto de desarrollo tecnológico / Fausto Javier Sainz de Salces, Javier Bustamante Donas, p. 241-251.

- **Revista Internacional de Sociología (RIS)**

<http://revintsociologia.revistas.csic.es/index.php/revintsociologia/index>

ISSN: 0034-9712. – ISSN-e: 1988-429X. Periodicidade: cuatrimestral. Data de inicio: 1943- . Último núm. publicado : vol. 74, nº. 4 (2016)

Edita: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC: Instituto de Estudios Sociales Avanzados

<http://www.iesa.csic.es/>

A Revista Internacional de Sociología (RIS) desexa integrar no debate intelectual do noso tempo as disciplinas que principalmente representa -a socioloxía, pero tamén a ciencia política, a política social, a economía, a antropoloxía e a filosofía social e moral-, prestando unha atención especial ao debate que se desenvolve en España e Latinoamérica.

Xunto á publicación de traballos científicos de carácter empírico, epistemolóxico ou teórico, que é o seu principal obxectivo, a RIS desexa tamén entrar, como órgano de reflexión e debate, nas consideracións filosófico-morais de cuestións importantes que afectan á cidadanía. RIS acepta e publica orixinais en español ou inglés.

Interézanos o artigo aparecido no vol. 73, nº 3 (2015)

- Miret, P., Zueras, P., Bienestar y patrones residenciales de la población que envejece y no convive en pareja. Europa occidental, 2004-2011. Revista Internacional de Sociología , Vol. 73, n. 3, 2015, p. 1-16.

<http://revintsociologia.revistas.csic.es/index.php/revintsociologia/article/view/633/701>

España preséntase como o país onde a relación de acompañamento é maior, sendo Dinamarca o lugar onde a convivencia é menor; seguida de Suecia, Holanda, e, a certa distancia, Suíza. Nun punto intermedio están Francia, Bélxica, Austria e Alemaña (a Europa central).

Finalmente, cunha relación de acompañamento notablemente superior están Italia e España. Afírmase así que, mentres que aos nórdicos lles gusta vivir sós, aos meridionais lles gusta vivir acompañados. Pero tamén é plausible pensar que, mentres que nos países socialdemócratas os servizos públicos lles permiten vivir sós ata que necesitan asistencia continuada ante unha perda importante de autonomía funcional, no sur de Europa a ausencia de servizos obriga as persoas maiores de 65 anos a convivir. Os patróns residenciais descritos parecen responder, polo tanto, á diversidade de réximes de coidado observados en países nórdicos, onde a responsabilidade de asistir aos maiores é do Estado, e nos países do centro ou meridionais, onde a obriga recae primordialmente sobre a familia.

- **Revista Portuguesa de Investigação Comportamental e Social: RPICS**

<http://rpics.ismt.pt/index.php/ISMT/index>

ISSN-e: 2183-4938. Inicio: 2005- Periodicidade: Semestral

Edita: Instituto Superior Miguel Torga

<http://www.ismt.pt/>

A Revista Portuguesa de Investigação Comportamental e Social (RPICS) é unha revista multidisciplinar publicada semestralmente polo Departamento de Investigación & Desenvolvemento (DI&D) do Instituto Superior Miguel Torga. É unha publicación de acceso aberto e con contidos dispoñibles en liña

A RPICS confórmana artigos de investigación como metodoloxías cuantitativas e artigos de revisión, nas áreas das Ciencias Comportamentais e Sociais, submetidos por especialistas e investigadores, nacionais e internacionais.

A RPICS é de lectura esencial para psicólogos, asistentes sociais, sociólogos e todos os profesionais con interese na investigación do comportamento e na investigación social.

## INSTITUCIÓNS

- **Agintzari**

[http://www.agintzari.com/cas/agintzari\\_identidad.aspx](http://www.agintzari.com/cas/agintzari_identidad.aspx)

AGINTZARI na súa condición de empresa social é unha cooperativa de iniciativa social comprometida coa sociedade na abordaxe de necesidades sociais e na xeración de valor social.

Ten como misión desenvolver un proxecto que traballando en equipo permita mellorar a calidade de vida das persoas e colectivos en situación de dificultade na promoción dunha sociedade máis xusta e solidaria.

O proxecto cooperativo está baseado nas persoas porque esta organización se basea na autoxestión, a participación, a experiencia e o liderado compartido entre persoas que buscan a excelencia mediante a continua satisfacción das persoas destinatarias das prestacións desta organización, das entidades clientas e colaboradoras e da comunidade na que se desenvolve a actividade.

- **Dixit. Centre de Documentación de Serveis Sociais. Generalitat de Catalunya**

[http://dixit.gencat.cat/es/01dixit/01que\\_es/](http://dixit.gencat.cat/es/01dixit/01que_es/)

Dixit, é unha iniciativa do Departamento de Traballo, Asuntos Sociais e Familias que se dirixe aos e ás profesionais do ámbito dos asuntos sociais para promover a xestión e a difusión do coñecemento neste ámbito, así como no dos dereitos de cidadanía, a promoción da autonomía e a atención á dependencia.

Os ámbitos temáticos que abarca son os seguintes: Autonomía persoal e atención á dependencia, Maiores, Discapacidade e enfermidade mental, Familia, infancia e adolescencia, Inmigración, Xuventude, Mulleres, Inclusión social, Acción cívica, Sector e voluntariado, LGTBI, Servizos sociais.

DIXIT conta con cinco espazos de libre acceso en Barcelona, Girona, Vic, Lleida e Tarragona

## INSTITUCIÓN

Ten como obxectivos xerais:

- Potenciar a difusión, o intercambio e a xeración de coñecemento no ámbito de asuntos sociais e os dereitos da cidadanía.
- Liderar a transmisión de coñecemento e a igualdade de oportunidades en todo o territorio.
- Promover a creación dunha rede de profesionais e favorecer canles de participación. Preservar e explotar o coñecemento xerado polo Departamento de Traballo, Asuntos Sociais e Familias.

O fondo documental de DIXIT abrangue todas as temáticas de asuntos sociais, e inclúe: monografías, publicacións periódicas, obras de referencia, literatura gris, boletíns, documentos audiovisuais e multimedia, etc.

Tamén elabora dossiers temáticos cunha recompilación de documentos sobre distintas materias tales como: violencia familiar, Terceiro sector social, envellecemento, Discapacidade e Dependencia, trastornos alimentarios, etc.

Conta cunha canle de información, o club Dixit, para os profesionais de asuntos sociais que queren afondar ou participar na difusión de coñecemento. Os membros do Club DIXIT reciben periodicamente información de primeira man sobre as conferencias e os actos de DIXIT Centro de Documentación de Servizos Sociais, así como sobre os novos produtos documentais que elabora.

Entre os seus recursos informativos conta con dossiers temáticos nos que se recompilan documentos sobre distintas materias tales como violencia familiar, Terceiro sector social, envellecemento, Discapacidade e Dependencia, trastornos alimentarios, etc. Tamén informa sobre Normativa, publicacións, webs de interese...

Edita o boletín electrónico de DIXIT, ferramenta que informa quincenalmente aos profesionais especializados na área de asuntos sociais e familias sobre as últimas novidades do sector e ofrece noticias útiles para a súa actividade. Inclúe dende documentación e lecturas recomendadas, ata a oferta formativa. Está dispoñible en catalán, castelán (periodicidade quincenal) e inglés (periodicidade mensual).

### • **Fiapas. Confederación Española de Familias de Personas Sordas**

<http://www.fiapas.es/FIAPAS/queesfiapas.html>

FIAPAS xorde en 1978 para dar resposta ás necesidades que se formulan as familias das persoas con discapacidade auditiva e os propios afectados. FIAPAS é unha confederación de ámbito nacional, integrada por 46 entidades confederadas, que constitúen a maior plataforma de representación das familias de persoas xordas en España.

A MISIÓN de FIAPAS é a representación e defensa dos dereitos e os intereses globais das persoas con discapacidade auditiva e das súas familias, tanto a nivel nacional como internacional, ante a Sociedade, Administracións e demais Institucións, integrando e impulsando con este fin a acción das Federacións Autonómicas e das Asociacións de Pais e Nais de persoas xordas.

### • **Fundación Anar**

<http://www.anar.org/informacion-institucional/>

A Fundación ANAR (Axuda a Nenos e Adolescentes en Risco) é unha

organización sen ánimo de lucro. As súas orixes remóntanse a 1970 e, dende entón, dedícase no marco da Convención dos Dereitos do Neno de Nacións Unidas, á promoción e defensa dos dereitos dos nenos e adolescentes en situación de risco e desamparo, mediante o desenvolvemento de proxectos tanto en España coma en Latinoamérica.

Dende os seus comezos, a Fundación traballa cos Fogares ANAR, casas de acollida para nenos e adolescentes carentes dun ambiente familiar axeitado.

A través de diversos canais de comunicación: o Email ANAR, o chat Anar, a web e o teléfono Anar atende e orienta a nenos e adolescentes.

A Fundación, a través da Base de Datos do Teléfono ANAR, realiza os máis importantes, prestixiosos e recoñecidos Informes e Estudos sobre a situación de nenos e adolescentes en España. Destaca os seus informes anuais e os estudos sobre Ciberbullying segun los afectados e Acoso escolar : I estudio sobre el ciberbullying según los afectados en colaboración coa Fundación Mutua Madrileña.

ANAR tamén está presente en colexios e institutos, nos que realiza accións formativas con alumnos, profesores e pais. O proxecto "Buentrato" foi recoñecido por UNICEF como exemplo de boas prácticas na participación infantil a favor da prevención da violencia contra a infancia.

Coa mesma filosofía que en España, a Fundación ANAR -membro fundador da Child Helpline International- consolidou a súa presenza en Latinoamérica.

### • **Fundación Foessa (Fomento de Estudios Sociales y de Sociología Aplicada)**

[http://www.foessa.es/qhacemos\\_programas\\_info.aspx?id=84](http://www.foessa.es/qhacemos_programas_info.aspx?id=84)

A Fundación FOESSA (Fomento de Estudios Sociais e Socioloxía Aplicada) constituíuse en 1965, co impulso de Cáritas Española pola necesidade de coñecer, ante as iniciadas políticas de desenvolvemento, a situación social de España do modo máis obxectivo e continuado posible. Dende a súa orixe, os Informes sobre a situación e o cambio social de España (1967, 1970, 1975, 1980-83, 1994 e 2008) sinalaron a importancia de coñecer a situación social de España a través da análise dos procesos en que se manifesta a evolución social, así como as estruturas e tendencias que se corresponden con eses procesos.

Os fins da Fundación FOESSA son:

- Servir ao coñecemento da realidade social de España, desvelar os desequilibrios latentes nas estruturas socioeconómicas e apoiar o traballo daquelas institucións que asumiron un compromiso ante as desigualdades e unha aposta decidida pola construción dunha sociedade máis comunitaria e accesible.
- Ser referente estable e continuado no ámbito da exclusión social e a socioloxía aplicada a través da elaboración dun novo Informe FOESSA e das distintas publicacións levadas a cabo.
- Ofrecer un espazo de encontro para persoas, grupos e entidades que traballan na análise social para ampliar os ámbitos de coordinación e creando a participación en novos foros de debate e reflexión, poñendo en contacto a todos os actores interesados, máis alá dos seus espazos habituais.

Tres eixes fundamentais sintetizan as liñas de investigación da Fundación FOESSA: estrutura social e desigualdade; axentes e actores sociais; internacional.

A realización de estudos e investigación constitúe unha das liñas de traballo permanentes dende os seus inicios.

## • Fundación PILARES para la autonomía personal

<http://www.fundacionpilares.org/fundacion.php#ancla1>

A Fundación Píares para a autonomía persoal é unha organización privada, de natureza fundacional, sen ánimo de lucro.

